

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL (XERA) E A FUNDACIÓN ARUME PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ESTRATEXIA DE DIFERENCIACIÓN DOS PRODUTOS ELABORADOS CON MADEIRA DE PIÑEIRO DE GALICIA

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte, D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e Presidente da Axencia Galega da Industria Forestal, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas de acordo co establecido polo Decreto 81/2017, do 3 de Agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.

Doutra, D. JOSÉ CARBALLO GARCÍA, presidente da Fundación Arume, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas no artigo 18 dos Estatutos da Fundación.

Cada un intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras Administracións Públicas, con outros entes de dereito público e con suxeitos de dereito privado para un fin común, ao abeiro do disposto nos art. 47 e 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- Que Axencia Galega da Industria Forestal (en diante XERA) ten como finalidade principal actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada á industria forestal e coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector.

TERCEIRO.- Que a Fundación Arume (en diante ARUME) é unha entidade privada sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio e con plena capacidade de actuación que ten, entre os seus fins fundamentais, promover o valor e uso dos montes galegos, en especial os de coníferas e, en particular, dos piñeiros de Galicia, mediante o impulso de plans integrais e a realización de actuacións de dinamización e recuperación dos montes e a potenciación do uso das súas madeiras para xerar un ecosistema sostible e, con iso, contribuír activamente a unha maior riqueza forestal, á mellora do medio rural, ao benestar dos cidadáns e ao desenvolvemento económico de Galicia.

CUARTO.- Que XERA ten como obxectivo mellorar a competitividade das empresas da industria forestal dende a primeira fase de transformación do recurso e, con especial incidencia, na segunda e seguintes fases así como apoiar a diferenciación dos recursos forestais e do sector industrial asociado. Para elo, pretende incentivar a certificación de procesos e produtos para acreditar a calidade e sustentabilidade das actividades e desenvolver unha marca de uso colectivo que facilite a integración das diversas actividades produtivas da industria forestal: materia prima, deseño, industrialización e comercialización.

QUINTO.- Que, entre outros, son obxectivos fundacionais de ARUME, a preservación e comunicación dos valores ambientais, culturais, sociais e económicos vinculados aos montes e ao uso de madeira de coníferas e, en particular, dos piñeiros de Galicia así como a promoción e fomento do consumo da madeira de coníferas de Galicia en todos os ámbitos e o uso de produtos certificados, así como impulsar o desenvolvemento de novas aplicacións da madeira con produtos de maior valor engadido. Para acadar estes obxectivos, ARUME pretende organizar todo tipo de actividades de promoción, formativas e de xestión e investigación dirixidas a promover e potencia o uso do piñeiro de Galicia, así como a xeración, o desenvolvemento e a promoción dunha nova marca e un selo de calidade que identifique a madeira de piñeiro de Galicia.

SEXTO.- Que, no século da bioeconomía circular e dentro dos obxectivos globais de desenvolvemento sostible, os produtos de madeira serán clave na transición cara unha economía verde por tratarse dun material renovable, sustentable, reutilizable e reciclable polo que as políticas públicas deben incentivar o uso destes produtos e aproveitar a

oportunidade que supón o seu potencial desenvolvemento para acadar un crecemento económico sustentable e a xeración de novos postos de traballo.

Á súa vez, nun contexto de competencia global crecente no que os países desenvolvidos están a perder cota de mercado respecto aos países en desenvolvemento, as estratexias de diferenciación e de posta en valor dos produtos forestais de orixe local preséntanse como ferramentas de gran valor para a mellora da competitividade da industria forestal supoñendo un factor de desenvolvemento económico pola súa contribución á creación de emprego, especialmente en zonas rurais, e que minimiza os impactos ambientais asociados ao transporte.

SÉTIMO.- XERA e ARUME son conscientes do papel dos montes galegos na mitigación do cambio climático e da contribución que o aproveitamento, a transformación e o uso sostible dos mesmos farán na consecución deste obxectivo. De modo particular, ambas entidades coinciden en que a promoción e a valorización da madeira de coníferas reviste unha especial transcendencia pola súa directa vinculación coa actividade económica do sector forestal galego. Por elo, pretenden desenvolver unha estratexia de diferenciación dos produtos elaborados con madeira de calidade de piñeiro de Galicia que se traduza en xeración de valor e nun beneficio real para toda a cadea, dende o propietario forestal ata o consumidor final, favorecendo á silvicultura activa e fortalecendo e mellorando a competitividade da industria de primeira e segunda transformación da madeira.

OITAVO.- Que, ARUME é a entidade que reúne en exclusiva ás principais entidades e organizacións da cadea monte-industria relacionadas coa madeira de coníferas de Galicia, dende a produción aos servizos forestais e ás transformacións e usos industriais da madeira, e que ten como finalidade a promoción do piñeiro galego o que sitúa a esta fundación como a única entidade galega que, para alcanzar os obxectivos perseguidos, pode permitir aproveitar as sinerxías entre os diferentes axentes da cadea de valor.

NOVENO.- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional. Deste xeito o presente convenio está excluído da aplicación da Lei 9/2017 de acordo co seu artigo 6.

En consideración a todo isto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión da consecución dos obxectivos perseguidos de acordo cas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración ente XERA e ARUME para a realización dos traballos previos necesarios para desenvolver unha estratexia de diferenciación dos produtos elaborados con madeira de piñeiro de Galicia mediante ferramentas de comunicación a escala sectorial.

SEGUNDA.- Obxectivos e actividades a desenvolver

As liñas de traballo e actividades a desenvolver serán as seguintes:

a) Estudo da viabilidade, oportunidade e riscos da diferenciación dos produtos elaborados con madeira de piñeiro de Galicia mediante unha unidade de *marketing* común tanto para produtos interindustriais como produtos de consumo final. Na realización deste estudo debe contarse con expertos nesta materia e coa participación dos distintos segmentos da cadea da madeira. As actividades previstas son:

- Elaboración dun documento de análise das experiencias de iniciativas de referencia e dos segmentos nos que sería máis adecuada a súa implantación e doutros aspectos claves para o desenvolvemento dunha estratexia de diferenciación de produto e relativos á materia prima, ao deseño, á industrialización, os mercados e a comercialización.
- Elaboración dun documento técnico previo á solicitude de rexistro dunha marca de garantía que recolla:
 - O preceptivo regulamento de uso da marca por empresas con sede social ou centro de produción en Galicia.
 - O procedemento de trazabilidade da madeira de piñeiro de orixe galego.

- Os requisitos e metodoloxías para que os diferentes axentes económicos poidan adaptar os procesos de fabricación e implantar os sistemas de control para o acceso dos produtos transformados á marca.
- Elaboración dun estudo respecto da posibilidade e oportunidade de utilización dun selo de calidade recoñecido e homologado como é o de Galicia Calidade para os produtos de madeira de piñeiro de orixe galego elaborados por empresas con centros de produción en Galicia e que cumpran os requisitos para aplicarlles a marca Galicia Calidade. Consistirá, fundamentalmente, na identificación dunha serie de produtos óptimos e na redacción dos correspondentes pregos técnicos.

b) Promoción e divulgación do feito diferencial e dos valores ambientais, culturais, sociais e económicos dos montes galegos de coníferas e, en particular, dos produtos derivados de madeira de piñeiro con accións dirixidas aos axentes da cadea e aos consumidores. As actividades previstas son:

- Promoción en internet do piñeiro de Galicia mediante web e redes sociais e a xeración de contidos audiovisuais.
- Elaboración dun caderno técnico, en versión dixital e papel, dirixido a presentar as madeiras de coníferas galegas así como a promover o seu uso.
- Elaboración dun folleto dixital e en papel como soporte e material de difusión en feiras e eventos nos que sexa de interese presentar as madeiras de coníferas e promover o seu uso.
- Presencia en feiras, foros e eventos profesionais.

c) Formación en materia de comunicación, *marketing* de produtos de orixe forestal e de procedementos de garantía da trazabilidade destinada a formar ós directivos, comerciais e técnicos das empresas do sector forestal e demais axentes da cadea de valor que teñan interese en utilizar unha marca de garantía.

TERCEIRA.- Planificación das actividades

As actividades a desenvolver para consecución dos obxectivos perseguidos seguirán o cronograma recollido no anexo I do presente convenio.

CUARTA.- Contribución de ARUME

ARUME levará a cabo os traballos e actividades necesarios para a obtención dos obxectivos previstos.

Para o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio ARUME contará coa implicación dun equipo de profesionais multidisciplinar, con cargo ás contribucións económicas realizadas segundo a desagregación detallada na memoria económica que se xunta como Anexo II.

Sen prexuízo do anterior, ARUME comprométese a executar en colaboración con XERA as actividades obxecto do presente convenio e a poñer tódolos medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo, executando en prazo as actividades e obxectivos comprometidos segundo o cronograma recollido como anexo I do presente convenio.

Así mesmo, ARUME fará constar a colaboración da XERA e da Xunta de Galicia en todos os materiais e demais documentos que deriven da execución das actividades do convenio.

Os resultados dos traballos obxecto do convenio plasmaranse nun informe no que se reflectirán as diversas actividades levadas a cabo ao abeiro do convenio nos termos expresados na cláusula sétima.

QUINTA.- Contribución da XERA

XERA, a través da Área de Promoción e Calidade Forestal, coordinará e tutelarás as actuacións obxecto de convenio, e contribuirá á difusión da actividade investigadora realizada por ARUME ao abeiro do convenio.

Así mesmo autorízase ó persoal técnico do centro de Investigación CIS-Madeira, centro dependente de XERA, á participación no desenvolvemento das actividades descritas na cláusula segunda.

SEXTA.- Valoración e achegas económicas

Na memoria económica que se achega a este convenio como Anexo II realizase unha valoración económica do orzamento de gastos asumidos polas entidades asinantes. O

orçamento total ascende a 90.750,00 euros (IVE incluído) para todo o período de vixencia do convenio.

ARUME achegará para o desenvolvemento das actividades obxecto de convenio a cantidade total de 22.687,50 euros para toda a vixencia do convenio.

XERA achegará para o desenvolvemento das actividades obxecto de convenio a cantidade total de 68.062,50 euros, para toda a vixencia do convenio.

Ano 2020	Total
ARUME	22.687,50 €
XERA	68.062,50 €
Total	90.750,00 €

Esta cantidade aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 2019.09.A4.741A.640.0, código de proxecto 2019.00002 “Promoción e calidade”, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, posto que se trata de actuacións tendentes á obtención de información e á realización de actividades en temas da competencia da Axencia e que a mesma comparte ca entidade asinante do convenio.

Tendo en conta que ARUME carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, a contribución diñeiraria responde a unha compensación polos gastos que terá que soportar ARUME no desenvolvemento do obxecto do convenio, no xeito que se especifica na memoria económica que se xunta como anexo II a este convenio.

SÉTIMA.- Condicións de pagamento

XERA aboará a ARUME a contía establecida na cláusula sexta, só despois da recepción e conformidade da Axencia do informe de actuación e demais documentos que corresponda facer e entregar. De cara a liquidar esa contía, ARUME remitirá á XERA as correspondentes facturas ou documentos análogos segundo os fitos que se indican no anexo II deste convenio.

En todo caso, ARUME remitirá á Axencia antes do día 30 (trinta) de novembro de 2020 os documentos sinalados no parágrafo anterior.

En particular, ARUME presentará un informe recapitulativo no que se describirán detalladamente as actividades realizadas no ano 2020, os resultados obtidos, o grado de cumprimento alcanzado en relación cos obxectivos perseguidos e a xustificación do custe.

ARUME asume o compromiso de facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Co obxectivo de acadar unha maior eficacia e operatividade nas relacións entre as partes, constituirase unha comisión mixta, de carácter paritario, integrada por dúas persoas representantes de XERA e por dúas persoas representantes de ARUME, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos unha (1) vez ao mes. Dita Comisión constituirase no prazo de trinta (30) días, contados a partires da data da sinatura deste convenio.

A Comisión realizará o seguimento, vixilancia e control da execución de convenio e das obrigas asumidas pola partes, adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio e resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na execución do presente convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA.- Modificación

Os termos do presente convenio poderán ser modificados de mutuo acordo entre as partes asinantes, sempre que esta modificación non supoña un incremento do custe total das actividades a desenvolver no período de vixencia do convenio.

Non obstante, a comisión de seguimento poderá aprobar modificacións entre as partidas de gastos correspondentes a cada anualidade consignadas no Anexo II, sen que en ningún caso as ditas modificacións supoñan nin un incremento do gasto máximo asumido anualmente pola XERA nin modificación da aplicación orzamentaria establecida na cláusula sexta deste convenio.

DÉCIMA.- Rescisión do convenio

Son causas de extinción do presente convenio:

- O acordo mutuo das entidades asinantes.
- O incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no convenio.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.

En todo caso, o incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ao reintegro, total ou parcial, das cantidades recibidas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá vixencia ata o trinta (30) de novembro do 2020.

DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade

O presente convenio de colaboración, unha vez asinado, inscribirase no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, segundo o disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e o resto das especificacións que constan neste convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

DÉCIMO TERCEIRA.- Réxime Xurídico

O presente convenio atópase suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares. Así mesmo está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, sen prexuízo da aplicación dos seus principios e criterios para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

DÉCIMO CUARTA.- Relacións Laborais. Responsabilidade das Actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais XERA, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO CUARTA.- Interpretación

A interpretación do convenio e as dúbidas que xurdan sobre como se ten que cumprir serán debatidas na comisión de control sinalada anteriormente, sen prexuízo da posibilidade de interpor o correspondente recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Tendo lido o presente documento, e en proba de conformidade, asínanse polas partes dous exemplares,

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

O presidente

(asinado dixitalmente)

Francisco José Conde López

FUNDACIÓN ARUME

O presidente

(asinado dixitalmente)

José Carballo García



ANEXO I

Nº	CONVENIO DE COLABORACIÓN XERA-ARUME	2020
1	INNOVACIÓN	
	Documento de análise de experiencias previas e alternativas para o desenvolvemento dunha estratexia de diferenciación	H 1.1
	Reunións de traballo para a identificación de experiencias previas de interese	
	Reunións de traballo para a identificación de aspectos clave, oportunidades e riscos	
	Documento de síntese	
	Documento técnico previo á solicitude de rexistro dunha marca de garantía	H 1.2
	Reunións de traballo para a caracterización e definición dos produtos amparados pola marca	
	Reunións de traballo para a definición de requisitos dos axentes e industrias da cadea. Órganos de control e réxime sancionador	
	Regulamento de uso da marca, procedementos de trazabilidade e requisitos e metodoloxía para a adaptación dos procesos de fabricación	
	Estudo respecto do uso do selo Galicia Calidade	H 1.3
	Reunións de traballo de expertos para identificación de produtos, a definición pregos técnicos do selo de calidade e elaboración do dossier	
2	PROMOCIÓN E DIFUSIÓN	
	Difusión en internet: creación de web e perfil en redes sociais	H 2.1
	Caderno técnico sobre as coníferas de Galicia e o seu uso	H 2.2
	Elaboración de folleto sobre as coníferas de Galicia e o seu uso	H 2.3
	1 Xornada de difusión en Galiforest	H 2.4
	Instalación stand en Galiforest e participación en foros	H 2.5
3	FORMACIÓN	
	Xornadas formativas	H 3.1
	Xornada formativa A Coruña	
	Xornada formativa Lugo	
	Xornada formativa Ourense	
	Xornada formativa Pontevedra	

H 1.1: FINALIZACIÓN DOCUMENTO DE ANÁLISE DE EXPERIENCIAS PREVIAS E ALTERNATIVAS
H 1.2: FINALIZACIÓN DOCUMENTO TÉCNICO PREVIO Á SOLICITUDE DE REXISTRO DUNHA MARCA DE GARANTÍA
H 1.3: FINALIZACIÓN DO ESTUDO RESPECTO DO USO DO SELO GALICIA CALIDADE
H 2.1: DIFUSIÓN EN INTERNET: CREACIÓN DE WEB E PERFIL EN REDES SOCIAIS
H 2.2: FINALIZACIÓN DE CADERNO TÉCNICO SOBRE AS CONÍFERAS DE GALICIA E O SEU USO
H 2.3: FINALIZACIÓN DE FOLLETO SOBRE AS CONÍFERAS DE GALICIA E O SEU USO
H 2.4: REALIZACIÓN DE XORNADA DE DIFUSIÓN EN GALIFOREST
H 2.5: INSTALACIÓN DE STAND EN GALIFOREST E PARTICIPACIÓN EN FOROS
H 3.1: CELEBRACIÓN DE XORNADAS FORMATIVAS



ANEXO II

CONVENIO XERA-ARUME 2020 (IVA incluído)			
INNOVACIÓN	TOTAL	XERA	ARUME
Análise de experiencias previas e alternativas	9.196,00 €	6.897,00 €	2.299,00 €
Documento técnico previo ao rexistro dunha marca de garantía	12.039,50 €	9.029,63 €	3.009,88 €
Estudo sobre o uso de Galicia Calidade	9.196,00 €	6.897,00 €	2.299,00 €
PROMOCIÓN E DIFUSIÓN			
Web e redes sociais	9.075,00 €	6.806,25 €	2.268,75 €
Caderno técnico pino de Galicia	9.680,00 €	7.260,00 €	2.420,00 €
Elaboración folleto	6.050,00 €	4.537,50 €	1.512,50 €
1 Xornada de difusión en Galiforest	3.327,50 €	2.495,63 €	831,88 €
Instalación stand en Galiforest e participación en foros	14.036,00 €	10.527,00 €	3.509,00 €
FORMACIÓN			
4 Xornadas formativas	18.150,00 €	13.612,50 €	4.537,50 €
TOTAL	90.750,00 €	68.062,50 €	22.687,50 €

TRABALLOS E ACTIVIDADES	A	M	X	X	A	S	O	N	D
Documentos de análise de experiencias previas e alternativas									
Documento técnico previo á solicitude de rexistro dunha marca de garantía									
Estudo respecto do uso do selo Galicia Calidade									
Difusión en internet: creación de web e perfil en redes sociais									
Caderno técnico sobre as coníferas de Galicia									
Elaboración folleto sobre as coníferas de Galicia e o seu uso									
Xornada de difusión en Galiforest									
Instalación stand en Galiforest e participación en foros									
Realización de 4 xornadas formativas									